



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Teoría da Arquitectura		Código	630G02025
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Agrasar Quiroga, Fernando		Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es
Profesorado	,		Correo electrónico	ruth.varela1@udc.es
	Agrasar Quiroga, Fernando			fernando.agrasar@udc.es
	Paz Agras, Luz			luz.paz.agras@udc.es
Web	http://etsa.udc.es/web/			
Descrición xeral	Os presupostos e obxectivos básicos da docencia desta materia cuatrimestral son:			
	A necesidade de abordar a comprensión do fenómeno arquitectónico dende o mundo das ideas, entendendo a reflexión como parte substancial da creación artística.			
	A toma de conciencia do estreito vínculo dos sistemas de pensamento e os resultados creativos coas circunstancias do seu propio tempo. A nosa comprensión dos mesmos está, necesariamente, tamizada pola nosa propia perspectiva temporal.			
	O fío conductor utilizado no curso é o valor da dobre natureza artística e técnica da arquitectura, contemplando todas as súas implicacións: perceptivas, formais, sociais, morais, estéticas,?			
	Os textos de arquitectos e pensadores e as circunstancias históricas do seu tempo leranse en paralelo, nunha continua relación de causa-efecto, xunto coas obras arquitectónicas e outras manifestacións artísticas, consideradas dende unha triple perspectiva: técnica, artística e social.			
	Os primeiros temas do programa incidirán na teoría arquitectónica anterior á experiencia moderna, como necesaria preparación á comprensión deste fenómeno, que centrará a maior parte dos contidos do cuatrimestre.			
Descrición xeral	A materia, TEORÍA DA ARQUITECTURA, estrutúrase en 15 temas, agrupados en 6 bloques. En cada tema, expóranse contidos explicativos e unha serie de exemplos de análise, nos que o feito arquitectónico será estudiado a través dos seus soportes teóricos.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Comprender o fenómeno arquitectónico dente o mundo das ideas, entendendo a reflexión como parte substancial da creación artística.	A38 A40 A48 A51 A52 A53 A54 A55 A57	B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4 C6 C7 C8
Analizar o estreito vínculo dos sistemas de pensamento e os resultados creativos coas circunstancias do seu propio tempo.	A38 A40 A48 A51 A52 A53 A54 A55 A57	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12	C1 C4 C6 C7 C8
Relacionar o estudo da forma arquitectónica coas principais xustificacións da mesma: tectónicas, funcionais, morais, estéticas, etc.	A38 A40 A48 A51 A53 A54 A55 A57 A63	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12	C1 C4 C6 C7 C8
Analizar a relación entre os textos de arquitectos e pensadores, xunto coas obras arquitectónicas e outras manifestacións artísticas, e as circunstancias históricas do seu tempo.	A38 A40 A48 A51 A52 A53 A54 A55 A57 A63	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12	C1 C4 C6 C7 C8
Comprender o fenómeno da experiencia moderna partir do coñecemento da teoría arquitectónica anterior.	A38 A40 A48 A51 A52 A53 A54 A55 A57	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12	C1 C4 C6 C7 C8



Argumentar a relación existente entre a produción arquitectónica contemporánea e as experiencias previas.	A38	B2	C1
	A40	B3	C4
	A48	B4	C6
	A51	B5	C7
	A52	B6	C8
	A53	B7	
	A54	B12	
	A55		
	A57		
	A63		

Contidos	
Temas	Subtemas
INTRODUCCIÓN	1 As orixes do pensamento arquitectónico: Tratadística Clásica. A arquitectura codificada: arquitectura e cultura. Orixes e evolución: a Cabaña Primitiva, de Vitruvio a Laugier. A linguaxe clásica: Schinkel, das orixes á modernidade. 2 As formas da técnica: materia, construción e pensamento. As formas da beleza: arte, estética e pensamento. As formas do social: política, moral e pensamento.
PARTE II: A TÉCNICA E A MODERNIDADE	3 Semper: arquitectura e evolución. A ruptura do legado clásico: Arts&Crafts, Viollet-le-Duc, os Modernimos e o primeiro Wright. 4 Industria e arquitectura. O problema da estandarización: de Paxton á Deutscher Werkbund. Mecanización e arquitectura: Chicago School. 5 Mies van der Rohe e a técnica trascendida.
PARTE III: A ARTE E A MODERNIDADE	6 O laboratorio vienés: Wagner, Hoffmann e Loos. 7 A modernidade en América: Wright. 8 A intelectualización da arte: Expresionismo, Bauhaus, Neoplasticismo. 9 Le Corbusier: a arte e a técnica.
PARTE IV: O SOCIAL E A MODERNIDADE	10 A vangarda rusa: Suprematistas vs Productivistas. O Futurismo e revolución. 11 O grupo ABC: política e arquitectura.



PARTE V: CARA O NOSO PRESENTE: A CRISE DA MODERNIDADE	12 As outras modernidades: a interpretación nórdica, italiana e española. Da contención á exaltación formal: Rudolf Schindler. 13 Novos enfoques metodolóxicos: o Estructuralismo. As dinámicas sociais trala II Guerra Mundial: o último Mies e os Smithson.
PARTE VI: CONCLUSIÓNS	14 Pensamento arquitectónico e contemporaneidade: de Complexite and Contradiction a Delirious New York. Da teoría Situacionista á Arquitectura do Espectáculo. 15 Novos enfoques trala crise de 2007: responsabilidade social e conciencia medioambiental; de Buckminster Fuller a hoxe. Conclusións.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A38 A40 B2 B3 B4 B5 B12	15	42	57
Proba mixta	B6 B7 C1 C4 C7	3	42	45
Eventos científicos e/ou divulgativos	B5 B6 B7 C1 C4 C6 C8	0	3	3
Sesión maxistral	A48 A51 A52 A53 A54 A55 A57 A63 C6 C8	42	0	42
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a eventos divulgativos (congresos, xornadas, conferencias, etc), organizados pola ETSAC, DPAUC, etc, indicados polo profesorado da materia, como parte dos contidos docentes do curso, co obxectivo de proporcionar ao alumnado coñecementos e experiencias actuais referentes á materia. Preparación de material síntese do traballo realizado na materia para a súa exposición conxunta a finais de curso, no evento organizado polo Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición: "Arquitecturas en Curso DPAUC" (Paneis, maquetas, debuxos, videos, textos, performances, ...)



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
------------------	---

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Eventos científicos e/ou divulgativos Traballos tutelados	Os traballos consistirán en análises prácticos nos que se vinculen textos e ideas, incluídos no temario, con obras arquitectónicas concretas. Os grupos de traballo serán de tres alumnas-os, asignados polo profesorado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A38 A40 B2 B3 B4 B5 B12	Os traballos, realizados en grupo, terán unha cualificación máxima de 2 puntos. Será preciso ter entregado os traballos para superar a materia.	20
Proba mixta	B6 B7 C1 C4 C7	Un exame ao final do cuatrimestre, referido á totalidade de todos os contidos do curso. A este exame corresponderá un 80% da cualificación final. No mesmo, é preciso acadar unha cualificación de 4 (sobre un máximo de 10) para poder superar a materia e poder facer media cos traballos.	80

Observacións avaliación
A asistencia regular (mínimo un 80%) será imprescindible para realizar o traballo tutelado e a proba mixta. Para concorrer á segunda oportunidade de cada convocatoria será imprescindible ter entregado, na primeira, o traballo desenvolvido durante o curso e revisado polo profesorado da materia. Este traballo tutelado pode ser ampliado e correxido para ser reavaliado na segunda oportunidade. Os estudantes repetidores que en convocatorias anteriores teñan seguido o curso, entregado e aprobado o traballo, terán dúas opción que deben elixir ao comezo do curso: 1 Cursar a materia como si fosen alumnos-as de primeira matrícula. 2 Cursar a materia sin facer o traballo. En caso de optar por esta segunda modalidade, a calificación final será, únicamente, a obtida na proba mixta. Avaliación en convocatoria adiantada: Para poder optar á avaliación en convocatoria adiantada deben cumprirse as condicións de avaliación xeral nun curso previo. Medidas para o estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia : Non se contemplan. Plaxio. No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no Art. 14º das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC: "A detección de plaxio, así como a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobado, implicará directamente a calificación de suspenso (0) na materia da convocatoria correspondente, invalidando así calquera calificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria".

Fontes de información



Bibliografía básica	- AGRASAR, Fernando (2008). Introducción al conocimiento de la arquitectura. A Coruña: COAG - CURTIS, William (2006). La Arquitectura Moderna desde 1900. Londres, Nueva York: PHAIDON - CURTIS, William (2013). Modern Architecture Since 1900. London, New York: PHAIDON - HEREU, P., MONTANER, J.M., OLIVERAS, J., (1994). Textos de arquitectura de la modernidad. Madrid: Nerea - KRUF, Hanno-Walter (1990). Historia de la teoría de la arquitectura (2 vol). Madrid: Alianza Forma - KRUF, Hanno-Walter (1994). A History of Architectural Theory. Princeton Architectural Press A bibliografía xeral é corta e substancial, a través da cal o alumno completará o estudo dos temas expostos na clase. Asemade da bibliografía básica, que consta nesta guía docente, tense elaborado unha bibliografía específica, referida a cada tema, que está dispoñible para os alumnos na plataforma Moodle
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á Arquitectura /630G02005

Historia da Arte/630G02015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Teoría da Intervención Contemporánea/630G02061

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías